

NOTA INFORMATIVA DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO SOBRE O CALENDARIO DAS PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE PARA ACCEDER Á FORMACIÓN DOS CERTIFICADOS PROFESIONAIS DOS NIVEIS 2 E 3 DE CUALIFICACIÓN

Pola Resolución do 12 de decembro de 2025 foron convocadas as probas de avaliación en competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación.

De acordo co establecido no artigo 10 da dita resolución e no seu anexo II, infórmase do seguinte:

1. Lugar previsto para a realización das probas: Recinto "Feira Internacional de Galicia Abanca" en Silleda.

2. Datas previstas para a realización das probas:

Competencia clave	Nivel	Data prevista da proba	Hora do chamamento
Matemática	Nivel 2	16 de maio de 2026	9.00 horas
Lingua castelá			
Lingua galega			
Lingua estranxeira (inglés)			
Matemática	Nivel 3	16 de maio de 2026	16.00 horas
Lingua castelá			
Lingua galega			
Lingua estranxeira (inglés)			

3. Persoas que solicitaron e lles foi concedida algún tipo de adaptación para a realización das probas: A concesión das adaptacións solicitadas serán comunicadas por vía telefónica ás persoas solicitantes.

4. Información sobre o número de porta de acceso ao lugar do exame: cunha antelación mínima de 8 días antes da data de realización das probas e a través do portal web da consellería <https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/competencias-clave/convocatoria-probas> informarse do número de pavillón e do número de porta polo que deberá acceder cada persoa aspirante, así como doutra información que, se é o caso, sexa necesaria.